

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA CORUÑA**

ANUNCIO de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal da Coruña para a apertura dunha nova vía entres as rúas Simón Bolívar e Afonso Rodríguez Castelao (expediente 631/2016/101).

O Pleno do Concello, na sesión que tivo lugar o 7 de outubro de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

«Primeiro. Aprobar definitivamente o documento da modificación puntual do PXOM/13 para apertura dunha nova vía entre as rúas Simón Bolívar e Afonso Rodríguez Castelao. Documento para aprobación definitiva. Setembro 2021, redactado pola oficina técnica municipal do Servizo de Planeamento e Xestión do Solo.

Segundo. Realizar os trámites previstos nos artigos 82 e 88 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e nos artigos 199, 209 e 212 do Regulamento para o desenvolvemento da lei anterior, para a entrada en vigor do documento aprobado».

De conformidade co disposto na Resolución ambiental do 20 de agosto de 2019, publicada no DOG do 4 de setembro, non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos derivados da modificación puntual, polo que non se establecen maiores medidas de seguimento que as inseridas no propio documento do PXOM vixente.

O contido íntegro da modificación puntual aprobada pódese consultar fisicamente nas dependencias da Área Municipal de Urbanismo; na sede electrónica deste concello, no enderezo electrónico <https://coruna.gal/urbanismo>, na epígrafe Planeamento/planeamento vixente, ou ben, desde a mesma páxina web, a través do visor Desenvolvemento do planeamento.

Contra este acordo, con carácter de disposición administrativa de carácter xeral, pódese interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigo 201.1 do seu regulamento), no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co arti-



go 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de interpoñer calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme co dereito.

A Coruña, 15 de outubro de 2021

A alcaldesa
P.D (Decreto 3847, do 27.6.2019)
María Hernández García
Directora da Área de Urbanismo

CVE-DOG: c44wktx8-dth6-r8p2-4kl4-wkwiiagtvtsh0

